



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA JUNTA DE ANDALUCÍA, A TRAVÉS DE LA CONSEJERÍA DE SALUD Y FAMILIAS, Y LA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DE LA CONSELLERÍA DE SANIDADE, PARA LA CESIÓN DEL USO Y LA UTILIZACIÓN CONJUNTA DE LA APLICACIÓN INFORMÁTICA QUE SOPORTA LA GESTIÓN DE MUESTRAS, PROCESOS DE ANÁLISIS Y EMISIÓN DE RESULTADOS DEL LABORATORIO DE SALUD PÚBLICA, ASÍ COMO LA GESTIÓN DEL CATÁLOGO DE PRODUCTOS , PEDIDOS INTERNOS Y CONTROL DE STOCK EN ALMACÉN (LABSP).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Consejería de Salud y Familias da Junta de Andalucía formalizaron o 23/6/21 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante catro anos contados desde a data da súa sinatura, prorrogables por un período de ata catro anos adicionais, mediante acordo expreso das partes, formalizado con dous meses de antelación á data de vencemento do prazo inicial estipulado, e previa proposta motivada da Comisión Técnica de Seguimento.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a utilización conxunta dos medios técnicos e o intercambio de información e tecnoloxía relacionada coa aplicación LABSP, mediante a cesión do dereito de explotación, por parte da Consellería de Sanidade do paquete de software que soporta a aplicación LABSP, a favor da Consejería de Salud y Familias da Junta de Andalucía.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:
A Consellería de Sanidad é titular da aplicación informática que soporta a xestión de mostras, procesos de análise e emisión de resultados do laboratorio de saúde pública, así como a xestión do catálogo de produtos, pedidos internos e control de stock en almacén (LABSP), que constitúe un sistema unificado de información no ámbito da xestión de mostras, procesos de análise e emisión de resultados do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia.

A Consejería de Salud y Familias da Junta de Andalucía dispón dunha Rede Andaluza de Laboratorios de Saúde Pública (RALSP) composta por 5 laboratorios provinciais, que carece dun sistema de información común, polo que ten interese en usar a aplicación LABSP, de probada eficacia pola súa traxectoria de funcionamento na Xunta de Galicia.

A cesión gratuíta do uso da aplicación entre ambas administracións constitúe o obxecto da relación convencional establecida.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

